

## **REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL CONCELLO DE SAN SADURNIÑO**

### **PRESENTACIÓN**

O Concello de San Sadurniño considera a participación dos veciños e veciñas na xestión municipal como unha das prioridades da Administración Local. Entende o Concello como unha institución ó servizo dos veciños obrigada, non só a manter un funcionamento democrático e transparente, senón a facilitar as máximas cotas de integración dos cidadáns e das súas asociacións nos traballos e decisión municipais.

A democracia real non pode limitarse ó exercicio do dereito ó voto cada catro anos. A xestión das institucións e dos representantes eleixidos ten que ter en conta e someterse ó seguimento habitual dos electores, para o que resulta imprescindible o establecemento de mecanismos de información, control e participación na toma de decisións que garantan a incorporación dos veciños á xestión municipal.

Coa elaboración do Regulamento de Participación Cidadá ( RPC) o Concello de San Sadurniño pretende plasmar as posibilidades de participación contempladas na Lexislación vixente, dando rango normativo a algunhas prácticas xa habituais e creando novas posibilidades para o exercicio efectivo dos dereitos veciñais.

O Regulamento establece o procedemento polo que os particulares e as entidades legalmente constituídas poden informarse e opinar nas distintas fases do proceso político de toma dunha decisión e de execución administrativa da mesma para o que se garanten unha serie de dereitos ( información, consulta, petición ...) e órganos ( Asembleas de Veciños, Consello de Participación Veciñal ) para poder exercer a participación popular.

O Concello de San Sadurniño entende, en todo caso, que o proceso de participación cidadá non pode limitarse á existencia duns marcos normativos e organizativos ou ó recoñecemento formal duns dereitos. Compre ademáis, o compromiso expreso da institución de desenvolver unha política social que garanta a promoción da iniciativa social e o asociacionismo, e procure eliminar os condicionantes ( socioculturais e económicos ) que veñen dificultando a participación efectiva da poboación.

É intención do Concello de San Sadurniño que o presente Regulamento saia dun proceso de debate e compromiso entre as forzas políticas e os diversos representantes veciñais, nomeadamente ás Asociacións de veciños, que son os que deben protagonizar as novas formas de participación. O noso desexo é que as posibilidades agora expostas, pensadas para a realidade actual municipal e o marco lexislativo vixente podan ser potenciadas e ampliadas no futuro.

# **REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL CONCELLO DE SAN SADURNIÑO**

## **DISPOSICIÓN XERAIS**

### **ARTIGO 1.-**

O obxecto do presente Regulamento é o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación do vecindario e Entidades ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril na xestión municipal.

### **ARTIGO 2.-**

A aplicación do presente Regulamento pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Facer efectivos os dereitos veciñais recollidos na LRBRL.
- Facilitar a máis ampla información sobre as actividades e a xestión municipal.
- Facilitar e promover a iniciativa e participación dos veciños e Entidades na xestión municipal.
- Fomentar a vida asociativa no Concello e no conxunto das parroquias do Termo Municipal.

## **CAPITULO I**

### **DO REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES (RME)**

#### **ARTIGO 3.-**

Poderán inscribirse no RME todas aquelas Entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro, cuxo marco territorial de actuación sexa o Concello de San Sadurniño e que teñan como obxecto fundamental a defensa, fomento e mellora dos intereses xerais ou sectoriais do vecindario.

#### **ARTIGO 4.-**

A inscrición no RME será requisito imprescindible para o pleno exercicio dos dereitos recoñecidos ás Entidades no presente Regulamento.

#### **ARTIGO 5.-**

- a) O Rexistro estará ó cargo da Secretaría do Concello e os seus datos serán públicos.
- b) As solicitudes de inscrición presentaranse polas Entidades interesadas no Rexistro do Concello, debendo aportar a seguinte documentación:
  1. Acta fundacional.
  2. Estatutos da Entidade.
  3. Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
  4. Datos de identificación das persoas que ocupan cargos directivos.
  5. Domicilio Social e CIF.

## Regulamento de participación veciñal

6. Presuposto e memoria de actividades do ano en curso.
7. Certificación do número de persoas asociadas.

### **ARTIGO 6.-**

No prazo de 15 días dende a solicitude de inscrición, salvo que este se interrompa pola necesidade de aportar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificará á Entidade o seu número de inscrición e a partir dese momento considerarase de alta a tódolos efectos.

### **ARTIGO 7.-**

As Entidades inscritas están obrigadas a manter os seus datos actualizados, notificando, no prazo dun mes, cantas modificacións se produzan. O presuposto, o balance económico do ano anterior e o programa anual de actividades comunicárase durante o mes de xaneiro de cada ano.

### **ARTIGO 8.-**

O incumprimento das obrigas contempladas nos artigos anteriores poderá dar lugar á baixa da entidade ou Asociación no RME, coa correspondente perda de dereitos.

## **CAPITULO II**

### **DEREITOS DAS ENTIDADES REXISTRADAS**

#### **ARTIGO 9.-**

Sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido a toda a cidadanía, as Entidades rexistradas gozarán, previa solicitude, dos seguintes dereitos:

- a) Recibir no seu enderezo social, as convocatorias, ordes do día e actas dos Plenos da Corporación Municipal.
- b) Empregar locais e instalacións de propiedade municipal para a realización das actividades propias da entidade, coas limitacións que imponhan a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello.
- c) As Entidades inscritas no RME poderán solicitar do Concello a compensación das cantidades que les sexan liquidadas en concepto de pago de tributos municipais.

#### **ARTIGO 10.-**

Os Presupostos municipais incluírán unha partida destinada especificamente á financiación do movemento asociativo e das actividades das entidades inscritas no REM. Nas bases de execución dos presupostos, así como nas bases de concesión de subvencións explicitáranse os criterios de distribución de axudas ás Entidades.

## **CAPITULO III**

### **DA INFORMACIÓN MUNICIPAL**

**ARTIGO 11.-**

A cargo do Rexistro Xeral do Concello existirá un Libro de Queixas e Reclamacións a disposición de todo o vecindario.

**ARTIGO 12.-**

A Concellalia de Cultura, Participación Veciñal e Turismo será a encargada de :

- a) Facilitar información relativa ao funcionamento do Concello, actuacións municipais e dereitos cidadáns.
- b) Coordinar toda a actividade municipal relacionada coa información a cidadanía e, en especial, o seguimento das iniciativas, queixas e reclamacións presentadas polo vecindario ou Entidades, que serán contestadas no prazo dun mes.

**ARTIGO 13 .-**

As convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno da Corporación Municipal faranse públicas nos taboleiros de anuncios do Concello distribuídos polas parroquias.

**ARTIGO 14 .-**

Informarase a todo o vecindario das actividades que organice o concello; culturais, deportivas, recreativas que teñan especial transcendencia, así como, das convocatorias de becas e ofertas de emprego que realice o Concello. Serán obxecto dunha divulgación específica, mediante a publicación dun boletín municipal, os grandes temas municipais: Presupostos, ordenanzas fiscais, etc.

## **CAPITULO IV**

### **DA INICIATIVA POPULAR**

**ARTIGO 15 .-**

Todo cidadán, Asociación ou Entidade ten dereito á presentar iniciativas e propostas de actuación municipais convenientemente xustificadas. Cando as solicitudes vaian avaladas por máis do 5% das persoas inscritas no censo electoral (mediante sinaturas identificadas e D.N.I) serán obrigatoriamente discutidas no Pleno Municipal.

## **CAPITULO V**

### **DA CONSULTA CIDADÁN**

**ARTIGO 16.-**

O Concello de acordo co Artigo 71 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, poderá someter a consulta popular os asuntos da competencia propia

municipal e de carácter local que sexan especialmente relevantes para os intereses dos veciños, excepto os relativos á Facenda Local.

## **CAPITULO VI**

### **DA PARTICIPACIÓN NOS ÓRGANOS MUNICIPAIS**

#### **ARTIGO 17.-**

As sesións do Pleno da Corporación Municipal son públicas. Non son públicas as sesións da Xunta de Goberno Local nen as Comisións Informativas. Eventualmente poderán participar nas Comisións Informativas, con voz e sen voto, aquelas persoas cuxa presenza se estime necesaria para o tratamento de determinados temas, podendo ser requeridas a instancia do propio Concello ou asistir por solicitude propia, sempre e cando sexa admitida a súa participación polo Alcalde ou o presidente da Comisión.

#### **ARTIGO 18.-**

Calquera entidade que figure inscrita no Rexistro Municipal de Entidades poderá manifestar a súa opinión por medio dun representante nun debate do Pleno Municipal, sempre que o solicite por escrito con vinte e catro horas de antelación.

#### **ARTIGO 19.-**

Calquer veciño, veciña ou Entidade terá dereito a expresar o seu punto de vista sobre asuntos da vida municipal nun turno que, moderado polo Alcalde, se abrirá ao remate de cada Pleno Ordinario, poidendo recollerse por escrito esas intervencións en caso de que se considere necesario. Para exercer este dereito será necesario entregar por escrito con vinte e catro horas de antelación, no Rexistro Municipal, as preguntas, rogos ou propostas que se formulen, que en ningún caso se someterán a votación.

## **CAPITULO VII**

### **DAS ASEMBLEAS DE VECIÑOS**

**ARTIGO 21.-** A Asemblea de Veciños é un órgano de participación directa de carácter informativo e consultivo respecto da actuación municipal.

#### **ARTIGO 22.-**

- a) A Asemblea poderá ser municipal ou parroquial
- b) A Asemblea será convocada polo Alcalde, por propia iniciativa, por acordo da maioría do Pleno ou por solicitude asinada, con nome e D.N.I por un mínimo do 20% das persoas inscritas no censo electoral do concello ou da parroquia correspondente

**ARTIGO 23.-**

Cando a Asemblea sexa convocada por solicitude asinada con nome e D.N.I por un mínimo do 20% das persoas inscritas no censo electoral do concello ou da parroquia correspondente, considérase válidamente constituída cando no local consignado na convocatoria, coa presenza alomenos de dous membros da Corporación, e baixo a presidencia dun deles, esteñan presentes un número de persoas equivalente ao 20% do censo electoral do Concello ou da parroquia correspondente.

Cando a Asemblea sexa convocada pola Alcaldía, por propia iniciativa ou por acordo da maioría do Pleno, considerase constituída sexa cal sexa o número de persoas presentes

**ARTIGO 24.-**

A Asemblea adoptará os seus acordos por maioría simple, acordos que serán comunicados ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

## **CAPITULO VIII**

### **DO CONSELLO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

**ARTIGO 25.-**

O Consello de Participación Veciñal (C.P.V) é un órgano de participación, información, seguimento, control e proposta de xestión municipal, referida ós distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencia.

O CPV crearase por acordo plenario. A súa organización, composición e ámbito de actuación serán establecidos no correspondente acordo plenario.

**ARTIGO 26.-**

O CPV estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE : O Alcalde ou persoa en quen delegue.

O concelleiro /a delegado/a de Cultura, Participación Veciñal e Turismo.

Un membro de cada grupo político con representación no Concello.

Un funcionario do concello, con voz e sen voto, nomeado polo Alcalde, que exercerá como Secretario do CPV.

Un representante de cada Entidade inscrita no RME.

Eventualmente poderán participar con voz e sen voto aqueles sectores, Entidades ou persoas, cuxa presenza se estime necesaria para o tratamento de determinados temas, puidendo ser requeridos a instancia do propio Consello, ou asistir por solicitude propia sempre e cando se admita pola maioría do Consello.

**ARTIGO 27.-**

Serán funcións do CPV:

- a) Presentar iniciativas, propostas ou suxerencias ó Concello para ser discutidas nos Organos Colexiados Municipais.

## Regulamento de participación veciñal

- b) Estudar, antes da súa aprobación polo Pleno, o presuposto municipal e outros asuntos de especial importancia.
- c) Ser consultado e emitir informe non vinculante, antes da súa aprobación polo Pleno, sobre as bases para a concesión de subvencións ás entidades sen ánimo de lucro.

### **ARTIGO 28.-**

O Consello celebrará un mínimo dunha reunión anual. Será ordinariamente convocado polo Presidente, a iniciativa propia ou por solicitude de dous tercios dos seus membros.

### **ARTIGO 29.-**

Considerarase constituído en primeira convocatoria cando estean presentes a metade dos membros, e en segunda convocatoria calqueira que sexa o número de asistentes. O CPV adoptará os seus acordos por maioría simple.

### **ARTIGO 30.-**

Cando algún membro do Consello non acuda por 3 veces consecutivas, sen causa xustificada, será substituído da súa responsabilidade.

## **DISPOSICIONS TRANSITORIAS**

### **PRIMEIRA:**

Aprobado este Regulamento de Participación Cidadá, o CPV constituirase no prazo de 1 mes.

### **SEGUNDA:**

As Entidades que actualmente figuran inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións están exentas de realizar os trámites establecidos no apartado b) do artigo 5 do presente Regulamento.

### **TERCEIRA:**

Transcurrido un ano de aplicación do presente Regulamento elaborárase un balance de funcionamento, propoñéndose se procede, a modificación do mesmo de forma que se puidese axustar máis á realidade e as necesidades do municipio.

## **DISPOSICION FINAL**

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no B.O.P.